



Concello de Mugardos

(A Coruña)

DILIXENCIA.- O presente documento foi aprobado pola Xunta de
Goberno Local en sesión realizada o día 22 NOV. 2018

Mugardos

O SECRETARIO

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS E AXUDAS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO 2018.

Disposicións xerais.

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrncia, non discriminación e igualdade, para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal, ou que, en xeral contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos: 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; 40.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais; e 23 e seguintes do Regulamento de servizos das corporacións locais; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Primeira.- Finalidade e obxecto das axudas e subvencións.

O obxecto da subvención é o de apoiar ás entidades locais sen ánimo de lucro na creación ou mantemento de actividades de interese público, que promovan o fomento da cultura e o deporte, e os intereses xerais ou sectoriais dos veciños/as.

As subvencións e axudas que se outorguen en esta convocatoria ao, terán como finalidade a realización de actividades de carácter cultural, deportivo, de defensa de dereitos dos veciños e veciñas e o mantemento das entidades que as desenvolven. Inclúense as festas patronais da vila e das parroquias.

O período que se terá en conta para a realización das actividades abarcará dende o 01 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018, e o tipo de gastos financiados serán estritamente gastos correntes nos que incurran os beneficiarios para o desenvolvemento das súas actividades.

Segunda.- Destinatarios.

Poderán solicitar estas subvencións:

2.1.-Para realizar actividades culturais e veciñais: asociacións culturais, asociacións de veciños/as e comisións de festas. Debendo cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia, ou telo solicitado na data de petición.

- Estar debidamente inscritas no Rexistro Municipal de asociacións e entidades do Concello nos termos previstos no artigo 236, parágrafos 2, 3 e 4 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e non ter asinado convenio algún co Concello de Mugardos.



Concello de Mugar dos

(A Coruña)

DILIXENCIA.- O presente documento foi aprobado pola Xunta de
Goberno Local en sesión realizada o día 23 NOV. 2018

Mugar dos,

O SECRETARIO

4.4.- Unha vez formulada polo órgano instructor a proposta de resolución provisional, está será publicada no taboleiro de edictos do concello e no apartado "Convocatorias" da sección "Actualidade" da páxina web municipal (www.concellomugar dos.org/es), aos efectos de que polos interesados se formulen as alegacións que consideren convintes no prazo de cinco (5) días hábiles. Neste mesmo prazo, e para o caso de que o importe solicitado fose superior ao proposto polo órgano instructor, os interesados poderán reformular as súas solicitudes.

4.5.- Aos efectos do previsto no art. 21 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención será de tres meses contados a partir do día en que remate o prazo establecido na convocatoria para presentalas e o silencio da administración terá carácter desestimatorio.

O acordo de resolución da subvención será notificado ao solicitante. No caso de concesión, expresarase a contía da subvención, forma de pagamento, condicións nas que se outorga e os medios de control que, no seu caso, se establezan.

Quinta.- Documentación.

As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo normalizado que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, e no que se expresará :

1. Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade.
2. Fotocopia dos estatutos da entidade.
3. Datos da entidade bancaria a que se transferirá o importe da subvención que poida concederse consonte co anexo 2º. da O.M do 27/12/95, BOE 03/01/96, modificado pola Orde OMEH do 20 de abril de 1998 (BOE n.º 111/09.05.1998).
4. Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF do/a representante.
5. Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento do/a representante para as súas relacións co Concello.
6. Declaración do/a representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e recibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria.
7. Memoria xustificativa da necesidade da subvención que se solicita.
8. Certificación acreditativa, declaración responsábel ou autorización para que o concello obteña a certificación conforme a entidade non é debedora da Facenda Pública e está ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.
9. Acreditación, ou autorización para que o concello a faga de oficio, de estar ao corrente de pagamento de todo tipo de obrigas fiscais co Concello.
10. Memoria explicativa da/s actividade/s que se van a realizar, que fará mención ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda, denominación específica, obxectivos e fins concretos e o calendario fixado.
11. Presuposto detallado da actividade, con expresión dos gastos e ingresos previstos. Deberanse consignar ás axudas para o mesmo fin de outras entidades públicas ou privadas.
12. Importe da subvención solicitada.

No suposto de que xa obren en poder do Concello os documentos relacionados nos apartados 1, 2 e 4, presentaran una certificación expedida polo Secretario da entidade, co visto e prace do seu presidente, acreditativo de tales extremos.



CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

DILIXENCIA.- O presente documento foi aprobado pola Xunta de
Goberno Local en sesión realizada o día

Mugardos,

28 NOV. 2018 NOV. 2018
O SECRETARIO

Sétima.- Documentación para a xustificación.

A documentación necesaria para xustificar a subvención será a seguinte:

1. Declaración ou certificación que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida.
2. Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións ou axudas para o mesmo obxecto.

3.- A xustificación dos gastos realizarase coa seguinte documentación:

a) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante facturas ou nóminas orixinais, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, e os correspondentes tcs. Así mesmo, deberanse achegar as fotocopias dos NIF pertencentes ás persoas que imparten cursos, clases, conferencias, etc., así como árbitros, monitores, adestradores, etc.

a) Os restantes gastos relacionados coa realización de actividades xustificaranse coas correspondentes facturas, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, que cumpran os requisitos do Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

5

Naqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada e os gastos correntes que xere o fagan aconsellable, poderase admitir, de xeito excepcional, como xustificante calquera outro documento admitido en dereito que acredite a realización da actividade obxecto da subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

As entidades deberán presentar xustificantes pola totalidade dos gastos efectuados para cada unha das actividades subvencionadas. De non ser así, o Concello modificará as contías en proporción ao efectivamente xustificado.

Os documentos xustificativos corresponderán aos gastos feitos dende o día 1 de xaneiro ata o día 31 de decembro de 2018.

Todos estes documentos xustificativos deberán estar datados e referirse ao exercicio de 2018, así como axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicialmente presentado, xunto coa solicitude:

Oitava.- Prazo de xustificación e pagamento.

8.1.- O prazo para a presentación da documentación xustificativa no rexistro do Concello será de vinte (20) días naturais, contados a partir do día seguinte da recepción da notificación da subvención concedida polo Concello.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, entenderase que desiste da súa petición. Tanto o prazo de presentación de solicitudes como o de xustificación entenderanse sen prexuízo do prazo de 10 días que se concederá para completar documentación, correxir defectos ou rectificar datos.



Concello de Mugardos

(A CORUÑA)

DILIXENCIA.- O presente documento foi aprobado pola Xunta de
Goberno Local en sesión realizada o día

Mugardos, 28 NOV. 2018 2 NOV. 2018
O SECRETARIO

9.3.- Sin prexuízo do anterior, a publicidade dos distintos actos derivados deste proceso, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no Taboleiro de Edictos deste Concello, no apartado "Convocatorias" da sección "Actualidade" da páxina web do Concello de Mugardos (www.concellodemugardos.org/es) e a través do teléfono de información municipal (981470338; ext.3) sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

13.- Reintegros.

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas dende o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

14.-Responsabilidade e réxime sancionador.

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes.

Décima.- Lexislación aplicable.

A presente convocatoria rexeráse pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, do 17 de novembro, e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

Disposición adicional Primeira.

Esta convocatoria ríxese pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Mugardos BOP nº de 183 de 25.09.2013.

Disposición adicional Segunda.

Contra a resolución de outorgamento das subvencións, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas